

TRADUCCIÓN DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL SUPERIOR DO LAND DE SCHLESWIG-HOLSTEIN DE DATA 22 DE MAIO DE 2018¹.

Marta García Mosquera - Xosé Manuel Pacho Blanco*

Tribunal: Tribunal Superior do Land ² de Schleswig-Holstein, Sala do Penal núm. 1.
Data da Resolución: 22.05.2018.
Número de rexistro: 1 Ausl (A) 18/18 (20/18).
Tipo de documento: Resolución.

Resolución do Tribunal Superior do Land de Schleswig-Holstein no asunto relativo á entrega concernente ao cidadán español

Requirido, (...) ³

Defensores: 1. (...)

2. (...)-.

En atención ás solicitudes do Fiscal Xeral do Land de Schleswig-Holstein de 9 de maio de 2018, de

1. Tomar novamente en consideración a Orde de detención provisional a efectos de entrega da Sala de 5 de abril de 2018 e

* Marta García Mosquera é Profesora Contratada Doutora de Dereito Penal da Universidade de Vigo (mmosquera@uvigo.es) e Xosé Manuel Pacho Blanco é Doutor en Dereito da Área de Filosofía do Dereito da Universidade de Vigo e Avogado en exercicio (xmpacho@uvigo.es).

¹ A versión do texto orixinal que se emprega para a súa tradución directa do alemán é a publicada na web oficial do Tribunal Superior do Land de Schleswig-Holstein, accesible en: https://www.schleswig-holstein.de/DE/Justiz/OLG/Presse/Pl/201804VollstaendigerBeschlussDownload.pdf?__blob=publicationFile&v=3

² Ao longo do texto, na maioría dos casos, mantense a coñecida palabra *Land*, que no contexto da República Federal alemá haberá de traducirse como "Estado Federado".

³ Datos omitidos no orixinal.

2. decretar a execución da detención provisional a efectos de entrega,

a Sala do Penal núm. 1 do Tribunal Superior de Schleswig-Holstein, en Schleswig, renunciando ao trámite de audiencia do requirido e dos seus defensores (§§ 77, ap. 1 IRG⁴, 33, ap. 3 StPO⁵), o día 22 de maio de 2018, decidiu:

As solicitudes son rexeitadas.

Fundamentos:

Polo momento a Sala non observa motivo para ampliar tamén a Orde de detención á acusación de “rebelión”⁶. En opinión da Sala, no desenvolvemento do procedemento ata o de agora, non se produciu unha modificación significativa nin dende o punto de vista dos fundamentos de feito nin dende o punto de vista da cualificación dos acontecementos que obrigue á Sala a apartarse da súa interpretación, recollida na Resolución de 5 de abril de 2018.

Na acusación de rebelión, a Sala segue sen entender que se cumpra o tipo penal –punible consonte ao Dereito alemán– de alta traizón. A este respecto, nada mudan no resultado as informacións adicionais que se presentaron no ínterim sobre acontecementos concretos. As reflexións novamente expostas agora xa foron obxecto de consideración pola Sala na citada Resolución de 5 de abril de 2018.

Tampouco –en consonancia coa análise provisional– podería concorrer unha punibilidade –segundo o Dereito alemán– por quebrantamento da paz pública. Aínda cando se quixesen admitir que os incidentes no interior e diante dalgúns colexios electorais (dun total de 2.500) puidesen constituír un quebrantamento da paz pública para os que interviñeron directamente, non se poderían imputar aqueles persoalmente ao requirido, de conformidade cos principios que estableceu o Tribunal Supremo Federal na decisión “pista de despegue oeste”. Podería existir xa unha diferenza no feito de que no caso decidido polo Tribunal Supremo Federal o acusado como iniciador que interveu directamente, nun concreto lugar do feito e nun momento perfectamente determinado do feito, chamara expresamente á actuación tendencialmente violenta (un bloqueo masivo). O requirido,

⁴ A abreviatura IRG corresponde á *Gesetz über die Internationale Rechtshilfe in Strafsachen* (Lei alemá sobre cooperación xudicial internacional en materia penal).

⁵ A abreviatura StPO corresponde á *Strafprozessordnung* (Lei de Axuizamento Criminal alemá).

⁶ Entre aspas no orixinal („*Rebellion*“).

porén, permitiu que se levase a cabo un referendo en todo o territorio⁷, no que máis ben de xeito ocasional e illado chegaron a producirse incidentes, que adicionalmente acabaron con accións de bloqueo e obstaculizacións, seguramente non a iniciativa dos seguidores do requirido que tiñan intención de votar. Sendo así, tamén pode quedar pendente se un axuízamento dos acontecementos por quebrantamento da paz pública consonte co Dereito alemán autorizaría no seu caso a unha entrega pola acusación de rebelión conforme ao Dereito español.

Con isto, segundo o parecer provisional da Sala, mantense o ámbito que ata o de agora ten a Orde de detención provisional a efectos de entrega. Nesa medida, a Sala –a pesar do contido contradictorio do material enviado polas autoridades españolas– mantense aínda no criterio de que, dende o punto de vista da acusación por malversación, trátase dun feito catalogado no sentido da Decisión Marco relativa á Orde de detención europea, aínda que, de conformidade co Dereito alemán, unha análise indiciaria da criminalidade podería ter un dubidoso resultado. A Sala, segundo o estado actual da comprobación, tamén mantén a Orde europea de detención dictada como fundamento apto do procedemento de entrega pendente.

Polo tanto, en opinión da Sala, tampouco concorren “novas circunstancias que tivesen aparecido” no sentido do § 116, ap. 4, nº. 3 StPO, que puidesen xustificar a execución da detención. Non se aprecian circunstancias que puidesen incrementar significativamente o incentivo de fuga. O requirido cumpre escrupulosamente as condicións impostas. Non existe, polo tanto, motivo para adoptar modificacións.

Á vista do tempo transcorrido (§ 83 c, ap. 1 IRG) procede en consecuencia adoptar a decisión sobre a admisibilidade da entrega das respectivas solicitudes.

⁷ A expresión orixinal é *ein landesweiten Referendum*, que literamente se traduciría por “un referendo en todo o país”.